



Etiás

ACONTECEMENTOS DO ANO

A redacción do *Anuario Brigantino* agradece a colaboración especial para este apartado dos corresponsais locais de *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *La Opinión*, *El Correo Gallego* / *O Correo Galego*, *Betanzos e a súa Comarca*, *Mariñán*, *El Metropolitano* *Red Comarcal* e *Red Comarcal*.



O 21-XII-2006 inaugurouse no Pazo de Fonseca en Compostela a mostra nº 16 de «Xente no Camiño», de Alfredo Erias. Presidiu o acto o reitor da Universidade de Santiago de Compostela, don Senén Barro e estiveron presentes, ademais do autor e numeroso público, don Miguel Anxo Fernán-Bello, don Celestino Poza e don Andrés Pena. Estivo aberta ata o 25 de xaneiro de 2007. Neste ano seguiron outras mostras: nº 17, Malpica (Centro Cívico), do 17 ó 29 de abril; nº 18, Santa Comba (Casa da Cultura), do 2 ó 14 de maio; nº 19, Betanzos (Edificio Liceo), do 17 ó 31 de maio; nº 20, Muxía (Casa da Cultura), do 4 de xuño ó 1 de xullo; nº 21, Arzúa (Centro Multiusos), do 3 ó 15 de xullo; nº 22, Muros (Centro Cultural e Xuvenil), do 18 ó 29 de xullo; nº 23, Culleredo (Sala José Rey Lago nos Muíños de Acea de Ama), do 30 de xullo ó 2 de setembro; nº 24, Cariño (Casa da Cultura), do 4 ó 16 de setembro; nº 25, Outes (Casa da Cultura), do 18 de setembro ó 1 de outubro; nº 26, Noia (Coliseo Noela), do 2 ó 21 de outubro; nº 27, Foz -Lugo- (Casa do Mar), do 25 de outubro ó 10 de novembro, e nº 28, Tui (Pontevedra) (Sala Municipal de Exposicións), do 5 ó 31 de decembro.

2-5 de xaneiro de 2007

Dentro da programación dos actos do Nadal organizados polo Concello, tivo lugar no edificio Liceo un obradoiro de xogos cooperativos para os máis pequenos.

3 de xaneiro de 2007

Organizado por Radio Voz coa colaboración da Cruz Vermella e do Concello chegou á nosa cidade o Tren da Alegría, con xoguetes e actividades para os nenos e nenas no parque Pablo Iglesias.

3 de xaneiro de 2007

A Xunta de Galicia, a través dunha Resolución da Consellería de Medio Rural, admitiu a ampliación da área xeográfica de produción que pode acollerse a denominación Viño da Terra de Betanzos con varias parroquias dos Concellos de Abegondo, Oza dos Ríos e Sada. Estas novas zonas súmanse ás existentes de Bergondo, Betanzos, Coirós, Miño e Paderne.

5 de xaneiro de 2007

Celebrouse a tradicional cabalgata dos Reis Magos de Oriente polas rúas da cidade. A organización correu a cargo do Concello.

5, 12 e 19 de xaneiro de 2007

Na Sala de usos múltiples do edificio Liceo vense celebrando ao longo destes días o ciclo *Outros cines, outras culturas*, con proxeccións do director Emir Kusturica, organizadas pola Concellería de Xuventude e Normalización Lingüística.

10 de xaneiro de 2007

D.^a María Victoria Canedo, última directora e viúva do fundador do Ballet Rey de Viana e o Alcalde, D. Manuel Lagares

formalizaron un depósito de varias pezas da historia do ballet para ser expostas no Museo das Mariñas. No acto estiveron presentes D. Carlos Cortón e a súa muller Marilyn Díaz, antigos integrantes da Compañía e o director do Museo das Mariñas, D. Alfredo Erias.

12-30 de xaneiro de 2007

Na Sala de Exposicións do edificio Liceo puido contemplarse unha mostra de pintura de Ian Shepard.

20 de xaneiro de 2007

Entre a empresa concesionaria da explotación do aparcadoiro subterráneo da praza García Irmáns e o Concello asinouse un convenio polo que os usuarios non aboarán os primeiros quince minutos de estadia.

22 de xaneiro de 2007

Entrou en funcionamento o servizo de comedor gratuíto a domicilio para persoas dependentes e con minusvalías superiores ao 65%. Este programa sumouse ás liñas de axuda promovida polos Servizos Sociais do Concello para persoas dependentes.

26 de xaneiro de 2007

Deu comezo este día coa actuación de Cándido Pazó na terceira edición dos *Contos na Pedra* que organizaron as Concellerías de Urbanismo e Casco Histórico, Comercio e Xuventude. Nesta edición participaron outros cómicos como: Carlos Blanco, Quico Cadaval, Víctor Grande, Os dous de sempre ou Blanca Sánchez, que actuaron en locais de hostalaría da zona antiga.



Carlos Pardellas (La Opinión)



28 de xaneiro de 2007

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra *A raíña da beleza de Leenane*, interpretada pola compañía Teatro do Atlántico, organizada pola Concellería de Cultura, Educación e Deportes dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios do IGAEM.

29 de xaneiro de 2007

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a actuación do grupo de teatro do Centro Betanzos. A obra escrita e dirixida por Francisco Lumerman co título *Te encontraré ayer* estivo representada por Ana Scannapieco e Lisandro Penelas. A organización correu por conta do colectivo de emigrantes de Buenos Aires e da Concellería de Cultura.

31 de xaneiro de 2007

Na Sala de Usos Múltiples do edificio Liceo tivo lugar unha charla informativa sobre a Lei de Dependencia a cargo do deputado nacional pola Coruña e integrante da Comisión de Traballo e Servizos Sociais, D. Xavier Carro. O acto estivo organizado pola Concellería de Servizos Sociais.

31 de xaneiro- 4 de febreiro de 2007

Betanzos estivo presente ao longo destes días na Feira Internacional de Turismo de Madrid (Fitur). A delegación municipal estivo encabezada polo alcalde, D. Manuel Lagares, que mantivo, como vén sendo habitual nos últimos anos, unha xuntanza con persoas residentes na capital. O presidente da Xunta, D. Emilio Pérez Touriño, acompañado doutras autoridades, tamén visitou o posto da nosa cidade.

31 de xaneiro de 2007

A conselleira de Educación, D.^a Laura Sánchez Piñón, presentou oficialmente no Instituto Francisco Aguiar de Betanzos a serie documental *25 anos de autonomía* en que se intenta transmitir aos rapaces a historia recente de Galicia. O arquivo audiovisual, realizado polo centro territorial de TVE, distribuíuse polos centros educativos da Comunidade. A Conselleira percorreu as instalacións do centro educativo acompañada polo director, D. Xosé Manuel Montero.

Febreiro de 2007

Os venres deste mes e organizado pola Concellería de Xuventude e Normalización Lingüística celebrouse na Casa da Xuventude un curso para distinguir os distintos tipos de algas.

8 de febreiro de 2007

Na Sala de usos múltiples do edificio Liceo tivo lugar a conferencia *As novas apostas pola inclusión da muller no mundo laboral*, impartida pola delegada da Consellería de Traballo na Coruña, D.^a María Debén, estivo encadrada dentro do programa de charlas informativas sobre a Lei de Dependencia organizadas pola Concellería de Servizos Sociais.

9 de febreiro de 2007

O primeiro tenente de alcalde, D. Andrés Otero, presentou un programa de alternativas para os mozos nos fins de semana dos meses de febreiro, marzo e abril. Nel destacaron os talleres de rap en galego, percusión africana e clases de números circenses. A organización correu por conta da Concellería de Xuventude e Normalización Lingüística, que contou co patrocinio da Xunta de Galicia.



Pariente



L.T. (Ideal Gallego)



D.B. (Ideal Gallego)

11 de febreiro de 2007

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a representación teatral da obra *Macbeth* interpretada pola compañía Sarabela Teatro, organizada pola Concellería de Cultura, Educación e Deportes dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios do IGAEM.

12-16 de febreiro de 2007

Ao longo desta semana celebrouse no instituto As Mariñas de Betanzos a quinta edición da Semana Cultural, na que se organizaron diversas actividades como conferencias, talleres de fotografías, radio, teatro, visitas educativas, actuacións musicais...

13 de febreiro de 2007

No edificio Liceo tivo lugar unha reunión da directora xeral de Administración Local, D.^a Matilde Rodríguez, e a delegada provincial de Presidencia, D.^a Aurora Moinelo, co alcalde, D. Manuel Lagares. Tratouse entre outras cousas da creación dun cuarto xulgado e das axudas ás persoas afectadas polas inundacións na Ribeira.

15 de febreiro de 2007

O alcalde, D. Manuel Lagares, reuniuse en Santiago coa conselleira de Sanidade, D.^a María José Rubio, co obxectivo de mellorar as instalacións médicas do centro de saúde brigantino e aumentar as especialidades e o número de médicos.

16 de febreiro de 2007

Enmarcada dentro da Aula de Teoloxía organizada polas Parroquias de Santa María e Santiago, celebrouse na Aula de Cultura de Caixa Galicia unha conferencia sobre relixións orientais por conta do doutor en teoloxía, D. José Ramón Amor Pan.

16 de febreiro-4 de marzo de 2007

Puido contemplarse na Sala de mostras do edificio Liceo a exposición *Pop Art* de Elena Pendás, que incluíu cerámicas, litografías, gravados, serigrafías e acrílicos.

18-21 de febreiro de 2007

Desenvolveuse ao longo destes días o programa de festexos do Antroido elaborado polo Concello, con bailes, concursos de disfraces e, como vén sendo habitual, rematou co enterro da sardiña.

22 de febreiro de 2007

Un grupo de alumnos de Florencia (Italia), que realizaron un intercambio con alumnos do Instituto Francisco Aguiar, foron recibidos na Sala Capitular do Concello polo alcalde, D. Manuel Lagares e o concelleiro de cultura, D. Francisco Díaz.

25 de febreiro de 2007

O Sindicato Labrego Galego elixiu a nosa cidade para a celebración do *Congreso Nacional do Sector Hortofrutícola*.



(Ideal Gallego)



César



César



César

26 de febreiro de 2007

Foron recibidos no edificio Liceo polo alcalde, D. Manuel Lagares, e polo concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz, os infantís do Clube de Santo Domingo de Baloncesto.

28 de febreiro de 2007

Faleceu neste día o que fora traballador do Concello, D. Vicente Granero Lagoa. Integrante entusiasta da Banda Municipal de Betanzos, non esqueceremos a súa alegría e bo humor.



Erias



César

28 de febreiro de 2007

Un grupo de alumnos de Nuremberg (Alemania), que realizaron un intercambio con alumnos do Instituto Francisco Aguiar, foron recibidos na Sala Capitular do Concello polo tenente de alcalde, D. Antonio Lagares e o concelleiro de cultura, D. Francisco Díaz.

2 de marzo de 2008

A Consellería de Medio Ambiente a través do seu delegado, D. Manuel Tajés, fíxolle entrega ao Concello a través do alcalde, D. Manuel Lagares, dun tractor desbrozadora para os traballos de limpeza e conservación do medio natural.

2 de marzo de 2008

Nun acto de homenaxe ao catedrático de Empresa Informativa da Universidade Complutense de Madrid, o betanceiro recentemente falecido, D. Francisco Iglesias, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a presentación do libro *Dar en el clavo*, unha recompilación de artigos seus publicados na prensa local. O acto, presidido polo alcalde, D. Manuel Lagares, contou coa participación dos tamén periodistas D. Carlos Álvarez e D.^a Lucía Tenreiro.



2 de marzo de 2008

O director xeral de Xuventude, D. Rubén Cela, inaugurou nas instalacións de Bellavista os locais de ensaio para grupos musicais betanceiros. No acto estivo acompañado polo primeiro tenente de alcalde, D. Andrés Otero, e pola concelleira de Xuventude e Normalización Lingüística, D.^a Concepción Valladares, e o tamén concelleiro, D. Xabier López.



(El Metropolitano)

4 de marzo de 2007

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra *Macbeth*, interpretada pola compañía Sarabela Teatro e organizada pola Concellería de Cultura, Educación e Deportes dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios do IGAEM.

Marzo de 2007

Neste mes tivo lugar unha curiosa campaña de promoción dos comerciantes da zona nova, co lema «Tómao con calma, toma un café», en que os clientes foron convidados a algunha consumición en determinadas cafetArias da zona por realizar a compra nos seus establecementos.



7 de marzo de 2007

Asinouse nas dependencias da Deputación Provincial da Coruña, un convenio entre o organismo provincial e o Centro Internacional de Estampa Contemporánea (CIEC), para subvencionar actividades e obras de mellora do centro. O convenio foi asinado polo presidente da Deputación, D. Salvador Fernández Moreda, e o director do Centro de Gravado, D. Jesús Núñez. No acto estivo presente o concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz.

9 de marzo de 2007

Como celebración do Día da Muller celebrouse na Aula Municipal de Cultura un concerto do grupo Faltriqueira, organizado pola Concellería de Servizos Sociais, Emigración e Turismo.

10 de marzo de 2007

No edificio Liceo celebrouse a III Edición da Xuntanza de Labores Artesanais que contou con numerosas participantes, destacando as preto de catrocentas palilleiras. A organización correu a cargo da Asociación de Mulleres da Condesa e da Concellería de Servizos Sociais, Emigración e Turismo.



César

11 de marzo de 2007

Celebrouse na Praza do Campo a VIII Feira do Queixo co lema «Comercia en Betanzos. Consume produtos da nosa terra», na que participaron máis de vinte produtores da comarca. A organización correu por conta das Concellerías de Comercio, Formación Ocupacional e Desenvolvemento Local e de Servizos. O premio ao mellor queixo fresco foi para María del Carmen Corral Castro, de Oza dos Ríos, e o premio en semicurados foi para José Luis Merelas García, de Vilasantar. A feira deste ano contou coa colaboración da Asociación de Adegueiros e Viticultores do Viño da Terra de Betanzos, que ofreceron unha degustación gratuíta dos seus viños. O día da feira celebrouse un rastro de antigüidades.



César

21 de marzo a 11 de abril de 2007

Presentouse na Sala de mostras do edificio Liceo a exposición itinerante de pintura *Salón de Outono* da Deputación da Coruña. O acto presidido polo alcalde, D. Manuel Lagares contou coa presenza do presidente da Comisión de Cultura da Deputación, D. Celestino Poza, o técnico de xestión cultural da Deputación, D. Felipe Senén, e o concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz.



22 de marzo de 2007

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar un concerto do Quinteto de Vento da Orquestra Sinfónica de Galicia, dentro do Ciclo de Música de Inverno da Deputación da Coruña.

23 de marzo de 2007

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a representación teatral da obra *Rotas* interpretada pola compañía Pífano Teatro, organizada pola Concellería de Servizos Sociais, Emigración e Turismo con motivo do Día da Muller.

25 de marzo de 2007

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra *Merda* interpretada pola compañía Sala Yago, organizada pola Concellería de Cultura, Educación e Deportes dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios do IGAEM.

27 de marzo de 2007

O artista brigantino José Valentín inaugurou un mural dedicado ao viño no complexo hoteleiro San Roque. O acto contou coa presenza do Alcalde, D. Manuel Lagares.

31 de marzo a 6 de abril de 2007

Ao longo destes días celebráronse os actos de Semana Santa, que deron comezo coa lectura do pregón polo pai Capuchino D. Rosendo Pérez na igrexa de Santo Domingo. Os actos máis relevantes foron as procesións do Santo Encontro, Vía Crucis, Santo Entero e dos Caladiños.



César

Abril de 2007

Rematouse de restaurar o retablo da capela de Pedro de Ben na igrexa de Santiago. As obras de restauración foron subvencionadas pola Xunta de Galicia.



Erias

8 de abril de 2007

O cura párroco de Requián e Piadela, D. José Mato, foi homenaxeado polos seus fregueses en agradecemento polos moitos anos á fronte destas parroquias. No acto estivo presente o alcalde, D. Manuel Lagares.

11 de abril de 2007

Foron recibidos no edificio Liceo polo alcalde, D. Manuel Lagares, e polo concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz, un grupo de deportistas betanceiros que destacaron dentro da súa actividade no pasado ano.



César



Erías



César



Erías

14 de abril de 2007

Coincidindo co aniversario da proclamación da II República e por iniciativa da Asociación Cultural Eira Vella, foi colocada na entrada do Museo das Mariñas unha placa en recordo das 33 vítimas betanceiras no levantamento de 1936. O acto estivo presidido pola presidenta da asociación, D.^a Pilar Vázquez, e polo alcalde, D. Manuel Lagares. Realizouse a continuación unha ofrenda floral no museo diante da bandeira do goberno republicano no exilio.



14 de abril de 2007

Na Aula Municipal de Cultura

do edificio Liceo tivo lugar a presentación oficial da orquestra de cámara de Betanzos Camerata Brigantina, dirixida por Florian Vlasi. O grupo está formado por uns vinte músicos que na súa maior parte realizaron os seus estudos no Conservatorio Municipal. O acto foi organizado pola Concellería de Cultura, Educación e Deportes.

17 de abril de 2007

A conselleira de Sanidade, D.^a María José Rubio, estivo na nosa cidade para visitar as instalacións do Centro de Saúde do Carregal. Na súa visita estivo acompañada polo alcalde, D. Manuel Lagares.



(Betanzos e a súa Comarca)

18 de abril de 2007

Un grupo de alumnos de Budapés (Hungría), que realizaron un intercambio con alumnos do Instituto Francisco Aguiar, foron recibidos na Sala Capitular do Concello polo concelleiro D. Francisco Díaz.

19 de abril a 13 de maio de 2007

Puido contemplarse nestes días, na Sala de Mostras do edificio Liceo, unha exposición de gravado propiedade de Caixa Nova.

20 de abril de 2007

Na Aula de Cultura de Caixa Galicia tivo lugar unha conferencia por conta do doutor en teoloxía, D. José Ramón Amor Pan, dentro das actividades da Aula de Teoloxía, organizada polas parroquias de Santiago e Santa María de Betanzos en colaboración con Caixa Galicia.

22 de abril de 2007

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a representación teatral da obra *Memoria do 36* interpretada pola compañía Teatro do Atlántico, organizada pola Concellería de Cultura, Educación e Deportes en colaboración coa Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia.

27 e 28 de abril de 2007

Celebráronse no edificio Liceo as *I Xornadas da Paisaxe Cultural do Noroeste* en que se analizou a Lei de Protección da Paisaxe Galega. A organización do certame correu por conta do responsable do proxecto de recuperación do parque do Pasatempo, D. José Crespí Rodríguez, e nestas participaron D. Benito Reza, director xeral de Conservación da Natureza, D. Carlos Cárcamo, técnico do Concello de Ourense, D.^a María José Díaz Curado, arquitecta paisaxista da Universidade de Porto e D. Alfredo Erias, director do Museo das Mariñas de Betanzos.



Erias

31 de abril de 2007


O director da Obra Social de Caixa Galicia, D. Manuel Aguilar, e o alcalde, D. Manuel Lagares, asinaron no edificio Liceo un convenio polo que Caixa Galicia se compromete a custear unha nova ponte de madeira para substituír a actual sobre o río Mandeo.



Fran Martínez (La Opinión)

31 de abril de 2007

Dentro da Operación Carballo que se desenvolveu en toda Galicia para paliar a vaga de incendios do ano pasado, un grupo do Centro de Maiores de Caixa Galicia e de escolares de Betanzos acompañados polo director da Obra Social de Caixa Galicia, D. Manuel Aguilar, e o alcalde, D. Manuel Lagares, plantaron carballos no Pasatempo.



Maio de 2007

Ao longo deste mes desenvolveuse o programa de actos das Letras Galegas, organizado pola Delegación de Cultura, que este ano estivo dedicado a María Mariño. Para o seu desenvolvemento contou coa participación de diversas agrupacións culturais betanceiras, a parte das propias institucións do Concello como o Museo das Mariñas co mes de portas abertas, campañas de animación á lectura na Biblioteca Municipal etc.

2 de maio de 2007

O alcalde, D. Manuel Lagares, o concelleiro de Cultura, Educación e Deportes, D. Francisco Díaz, e o director do Conservatorio, D. Pedro Noya, inauguraron unha fonoteca no local do Conservatorio Municipal de Música en San Francisco, que completa as instalacións existentes. Para esta actuación o Concello contou coa colaboración da Deputación Provincial e de diferentes empresas privadas.

3 de maio de 2007

O concelleiro de Medio Ambiente, D. Manuel Vázquez, mantivo unha reunión de traballo no edificio Liceo cos alcaldes de Bergondo e Betanzos, D. José Fernández e D. Manuel Lagares. Nesta analizáronse as obras que a consellería estaba levando a cabo nos Concellos como a captación de auga e o saneamento de Guiliade, Piadela e Xan Rozo.



César



Erias

Veiga

Veiga

4 de maio de 2007

Inaugurouse no Museo das Mariñas unha colección de pezas do Ballet Rey de Viana na Sala do Traxe. O acto contou coa presenza de D^a Victoria Eugenia Canedo, *alma máter*, xunto co seu finado esposo, do Ballet, e de numerosos compoñentes desta histórica formación. O acto foi presidido polo alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, que estivo acompañado polo concelleiro de Cultura, D. Francisco Díaz, por diversos concelleiros e polo director do Museo, D. Alfredo Erias. Entre o numeroso público atopábase D. Carlos Cortón e a súa muller Marilyn Díaz (antigos integrantes do Ballet ós que se debe en boa maneira que esta sala vise a luz), que aparecen acompañados (foto superior dereita) por D. Manuel Rivas Calviño e a súa dona D^a Pura Vázquez Lendoiro. Non hai que esquecer que os autobuses de «Autos Rivas» levaron ó ballet por toda Europa.

4-6 de maio de 2007

Celebrouse a XXII Festa do Viño de Betanzos, organizada pola Asociación de Colleiteiros de Betanzos, que deu comezo coa lectura do pregón a cargo da artista, Ánxeles Penas. O bo tempo animou á multitude de xente de Betanzos e comarca a probar o viño das bodegas betanceiras.



Pedro Puig (Ideal Gallego)

PREGÓN DA FESTA DO VIÑO

Excelentísimo señor alcalde,

excellentísimas autoridades, donas e señores, benqueridos amigos todos:

É sempre para min motivo de fonda ledicia e de íntima felicidade vir a esta fermosa vila, da que gardo, coma nun cofre secreto, a lembranza de moitos dos máis marabillosos días da miña infancia e baixo cuxo ceo acolledor agromaron tamén algúns dos meus máis caros sonhos. Probablemente, entre eses anxeios estaba o de chegar a ser poeta, para poder devolvervos en verbas amorosas o feiticeiro don de vida que de vaos recibín sobreabundantemente. Betanzos está sempre para min asociado coa fartura, coa alegría de vivir, co bo humor, coa amabilidade e coa festa. Betanzos leva pendurada das súas blancas e inigualábeis balconadas unha multiplicada risa, unha claridade que descende polas rúas acotío, dende o cumio do Castro de Uncia ata a Praza do Campo, atravesa a Ponte Nova e Ponte Vella, para escoar logo polas augas do Mandeo cara o mar e contaxiar toda a ribeira do seu bondadoso espírito.

É este o espírito da vida, o espírito dionisiaco, o espírito da embriaguez ; ese espírito que é viva comunión coa natureza, participación mística co *genius loci* de Betanzos, que non só fai medrar as vides que penduran nas ladeiras vizosas do río, senón que sen dúbida tamén lle insufla ás vosas cepas o inxenio gracioso e bulreiro que preside a singular idiosincrasia brigantina. Por eso, ningunha festa coma esta do viño tan adoitada para cantar e gabar a vosa xa lendaria vitalidade, irmán da non menos lendaria orixe da vide e do seu produto máis soado: o viño.

Confeso saber moi pouco ou nada das alquimias misteriosas e secretas que transforman a uva na perigosa ambrosía que xa os deuses do Olimpo celaban para sí, temerosos de que algún mortal lles roubase ocultos saberes, pero si sei da alegría de compartir paseo e andadura cos amigos polas encostas de Betanzos para entrar nas covas e nas adegas sagradas onde se espicha o viño que fai agromar un dos sentimentos máis nobles que un ser humano pode experimentar: a confraternidade. Por iso é un pracer e unha honra enorme compartir e celebrar con vos esta festa, porque celebrando o viño celebramos o espírito de irmandade, celebramos a xa longa e remota historia que foi deixando no voso inconsciente colectivo unha bonhomía lenemente báquica, celebramos tamén a quentura doce e agarimosa do sol, cuxos mornos raios fan que amoleza o espléndido milagre que doura as vosas vides e tamén pon unha dourada luz no voso ollar.

No viño únense as forzas da terra coas do ceo dun xeito que quizais non existe en ningún outro produto, porque segundo o mito, a vide é a única planta de orixe celeste, coma xa nos deixou dito o gran poeta Francisco de Quevedo: *Con los tragos del que suelo / llamar yo néctar divino / y a quién otros llaman vino / porque nos vino del cielo.*

Quizais precisamente por iso, porque é unha dádiva dos deuses, busca as alturas das que procede e sóbese á cabeza cando se toma en exceso e por iso, dende antigo o seu uso foi regulado liturxicamente, especialmente en Grecia onde se asociou coas festas do deus Dionisio, fillo de Semele e de Zeus, polo que se chamaron Festas Dionisiacas. Repetir este sentir ritual, aínda que de xeito máis sinxelo, é o que se fai aquí cando se coroan as adegas con ramos de loureiro e se invita á participación na cata do viño novo, entón espértase o sentido comunitario e a alegría sagrada que só o viño pode comunicar, e ritual é esta celebración na que pregoamos o esplendor da primavera e os venusinos enfeites das ninfas do Mandeo e do Mendo coroadas de pámpanos de vide e as rexoubantes grazas dos sátiros da terra que danzan encantados baixo os efluvios do viño godello, do roibal, do serradelo, do blanco lexítimo (variedade exclusiva de Betanzos) ou do mencia, nomes de por si míticos e capaces de encher de resoancias poéticas, con só pronuncialos o no maxín. Que dicir cando as súas cálidas e afroitas texturas entran polas nosas gorkas e síntese florecer o peito de boas intencións e tamén se escoita nas ponlas da alma o canto dun ledito paxariño que pregoa as excelencias de vivir nunha terra afortunada? Entón, sí, ábreanse as portas do xupiterino ceo o Deus dos Deuses semente en Semele, a Nai Terra, a semilla dese fillo tan especial, tan preñado de dones de fartura, tan propicio a ser entendido no exceso polos necios, pero tan benzoado cando a fervorosa entrega en amor se atempera coa mesura.

A lenda de Dionisio a quen—segundo o mito—lle debemos o cultivo da vide, conta que a súa nai Semele quixo coñecer a Zeus—que sempre se achegara a ela disfrazado de mortal- en todo o seu

esplendor divino e aínda que o deus fixo todo o posible por aminorar a súa imponente presenza, un só dos seus raios prendeulle lume ao pazo deixándoo reducido a cinza, só o neno Dionisio foi salvado da queima pola mesma man de Xúpiter e sendo mozo foi confiado ao sátiro Sileno que o aleccionou nos misterios da sagrada bebida feita de auga e de luz solar, misterios que el espallou por toda Grecia, Asia Menor, India e Etiopía, sempre acompañado dunha corte de ledos seguidores e discípulos, en estado de trance.

Canto haxa de verdade histórica ou de invención no mito non importa agora; o que si interesa destacar é que a vide chegou a Europa desas terras do Mediterráneo oriental, probablemente traída polos fenicios no 600 antes de Cristo, espallándose rapidamente o seu cultivo no imperio romano e por todas as terras que conquistaron. De como as cepas das vosas vides chegaron aquí parece ser que se debeu aos monxes cistercienses, concretamente os de Sobrado que tiveron señorío por estas terras, aínda que Alfredo Erias que sabe destas cousas moito máis que min atribúello aos de Monfero e di que se expandiu o seu cultivo na Baixa Idade Media, nos séculos XII e XIII, coincidindo precisamente co agromar dos burgos e coa expansión monástica.

O importante é que a vide atopou nestes lugares un terreo propicio e un alma dionisiaca que debemos entender na verdadeira lección moral que se encerra no mito do Deus Dionisio, que é a entrega xenerosa e exultante á luminosidade solar, pois o relato do nacemento de Dionisios enséñanos que só cando a Nai Terra (neste caso baixo a feitura de Semele) se entrega ao Sol xupiterino e ousa contemplar o seu verdadeiro rostro pode nacer esta criatura dotada de poderes marabillosos e terribes, este deus eternamente xoven e fermoso, no que as forzas pánicas da terra se unen ás do ceo e todo se engalana e se enche de cántigas e de alegría, tal como contou Ovidio:

Baco, a ti invócante con himnos divinos,
E penduran a túa efíxie no elevado pino:
As risas espállanse polos viñedos,
Atravesan os altos vales e as inclinadas colinas;
A onde queira que o deus inclina o seu rostro adorabel
As froitas máis exquisitas enriquecen as leiras...
... Vén, señor sagrado, coroado con fermosos acios,
no teu reino abundan as riquezas;
resplandecen os agros co colorido outono,
e en fondas correntes flúen por ti as escumosas colleitas

Cada un destes versos do insigne poeta latino pode hoxe ser aplicado a Betanzos, terra de fartura, terra de bo viño e de mellor xente, terra que casou hai tempo cos *daimones* do viño, sabendo que ten que aproveitar deles a parte luminosa e manter a raia a súa parte escura, por eso nas danzas gremiais, marcadas tamén polo espírito dionisiaco arremeten contra o *demachino* ou *daimon* betanceiro, restaurando así cada ano a alianza necesaria para vivir en harmonía co entorno natural. Baila pois o *demachino* no voso viño e escorréntase alén das vides para que perviva o ánimo alegre e san e a vosa bebida sagrada sexa o que ten que ser como xa unha vez dixeran:

... Viño que corre ledado na taberna:
viño doncel, noviño, xeitosiño
que quenta sin queimar e aguza o inxenio,
dalle ás xentes un xeito de vivir,
humor sinxelo...

Que este humor e este viño sigan a frutificar para sempre e que Betanzos siga a ser ese lugar ameno, ese paraíso que un día soñei.

Longa vida e fartura a todos os betanceiros e longa saúde ao voso viño!

Ánxeles Penas



7 de maio de 2007

A Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos (ACEBE) presentou a campaña de verán «Vente de compras», xunto coa terceira edición da semana dedicada ao comercio e o turismo. No acto estivo presente o conselleiro de Innovación e Industria, D. Fernando Blanco, que estivo acompañado polo tenente de alcalde e concelleiro de Comercio, D. Andrés Otero.

12 de maio de 2007

Dentro dos actos programados pola Delegación de Cultura para a celebración do Día das Letras Galegas, celebrouse na igrexa de San Francisco un concerto das corais Canta Compañía da Coruña e o Grupo Vocal Santa Eulalia de Mos.

13 maio de 2007

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a representación teatral da obra Teatro ridículo, a cargo da Agrupación Teatral Mariñán.

15-30 de maio de 2007

Puido contemplarse no edificio Liceo a exposición itinerante *Nazón de Breogán, un xeito de soñar Galicia* organizada pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia.

15 de maio de 2007

No Centro de Maiores de Caixa Galicia representouse a obra *A lenda de Xan Bonome* polo grupo de maiores do centro baixo a dirección de Alberto Barreiro. De seguido tivo lugar a actuación do grupo de instrumentos tradicionais Tepirelar do Centro de Maiores de Santiago.



Victor Echave (La Opinión)




15 de maio de 2007

O ilustrador brigantino, Xosé Tomás, inaugurou a exposición *Tras o espello* no edificio Liceo, composta por material publicado en prensa, de humor gráfico, cartelismo etc. A presentación do acto correu por conta do debuxante, guionista e director cinematográfico, Miguel Anxo Prado. Foi organizada pola Concellería de Cultura, Educación e Deporte.

16 de maio de 2007

Na Aula Municipal de Cultura celebrouse a final do *I Certame de Gaita As Mariñas de Betanzos*, organizado pola Concellería de Xuventude e Normalización Lingüística con motivo da celebración das Letras Galegas e do centenario da morte do gaiteiro Rilo. O gañador foi o gaiteiro natural de Cangas, Alberto Coya. A mención de honra na categoría de vestimenta tradicional foi para o gaiteiro ourensán, Gonzalo Abelairas. Editouse un CD coa gravación das actuacións do certame.



(Red Comarcal)

16 de maio de 2007

Na Sala de Mostras do edificio Liceo inaugurouse a exposición itinerante de pintura e debuxo de Alfredo Erias, *Xente no Camiño II*, organizada pola Concellería de Cultura, Educación e Deporte en colaboración coa Deputación da Coruña. O acto contou coa presenza do presidente da Comisión de Cultura da Deputación Provincial, D. Celestino Poza, e foi presidida polo alcalde, D. Manuel Lagares.



Teresa Garea

17 de maio de 2007

Dentro da celebración do Día das Letras Galegas, na Aula Municipal de Cultura, presentouse o libro editado pola Deputación Provincial *Atmosferas*, do que son autores a poeta Olga Patiño e o gravador brigantino, José Valentín.



Erias

A presentación correu por conta do escritor, historiador e artista gráfico, Carlos Pereira Martínez. A continuación celebrouse un concerto da Coral Polifónica de Betanzos.

21 de maio de 2007

Na Aula Municipal de Cultura, e dirixida ao alumnado de secundaria dos centros educativos do Concello, tivo lugar unha charla lúdico-pedagóxica sobre María Mariño, impartida por Brais Fernández.

24-25 de maio de 2007

Dentro do programa das Letras Galegas, a compañía Duende Sico realizou na Aula Municipal de Cultura actividades de conta contos dirixidas ao alumnado dos centros educativos do Concello e representou a obra *A volta ao mundo de Duende Sico*.



PSdeG-PSOE



PP



CxB



BNG

27 de maio de 2007

Neste día tiveron lugar as eleccións municipais, cos seguintes resultados:

PSdeG-PSOE.....	2.803 votos
PP.....	2.687 votos
CxB.....	1.486 votos
BNG.....	1.085 votos

Obtiveron, por tanto, a seguinte representación municipal: PSdeG-PSOE, 6 concelleiros; PP, 6; CxB, 3; e BNG, 2.

29 de maio de 2007

Dentro do programa das Letras Galegas a compañía Teatro do Andamio, representou para os alumnos dos colexios do Concello a obra *Que che conten un conto*, na Aula de Cultura.

2 de xuño de 2007

Celebrouse na Praza da Constitución o tradicional *Encontro de Bandas de Música*.

7-17 de xuño de 2007

Puido contemplarse na Sala de exposicións do edificio Liceo unha mostra de pintura de Corina Epis (1940, Montevideo), baixo o título de *Libertad y alegría*.

9 de xuño de 2007

Neste día causou sorpresa a espectacular tromba de auga que caeu sobre a cidade, que en escasos quince minutos ocasionou numerosas inundacións de rúas e locais comerciais (praza de Alfonso IX, rúa da Cañota...).

12 de xuño de 2007

Presentouse no edificio Liceo a exposición itinerante *Áreas Mariñas Protexidas*, producida polo CEIDA e a Fundación Territori i Paisatge promovida polas Consellerías de Pesca e Asuntos Marítimos e Medio Ambiente, e organizada polo Grupo GADISA e pola Concellería de Cultura e Deporte. O acto contou coa presenza do delegado provincial de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente, D. Manuel Tajés, do director de márketing do Grupo Gadisa, D. Antonio Cortés, e do director do CEIDA, D. Carlos Vales, estando presidido pola tenente de alcalde en funcións, D.^a Beatriz Gómez.

16 de xuño de 2007

Neste día tomou posesión a nova Corporación Municipal, saída das últimas eleccións municipais, que quedou composta do seguinte xeito:

Partido Popular: D.^a María Dolores Faraldo Botana, D. Juan Manuel García Varela, D.^a María Jesús Teijo Antelo, D. Pablo Tomé Crespo, D. Francisco Manuel Gestal Calvete e D. Andrés Alberto Porcas Fraga.

Partido Socialista de Galicia-PSOE: D. Manuel Lagares Pérez, D. Ramón García Vázquez, D.^a María Barral Varela, D. Francisco Manuel Díaz Pereira, D.^a María Beatriz Gómez Iglesias e D. Antonio Salvador Lagares Pérez.

Cidadáns por Betanzos: D. Francisco Javier de la Fuente Lago, D.^a María de la Esperanza Sánchez Varela e D. Pedro José Gómez Patiño. Bloque Nacionalista Galego: D. Andrés Otero Botana e D. Francisco Xabier López López.



César



*D.ª M.ª Dolores Faraldo Botana
Alcaldesa-Presidenta*



*D. Juan Manuel García Varela
Tte. Alcalde*



*D.ª María Jesús Teijo Antelo
Tte. Alcalde*



*D. Pablo Tomé Crespo
Tte. Alcalde*



*D. Francisco Gestal Calvete
Tte. Alcalde*



*D. Andrés Porcas Fraga
Tte. Alcalde*



*D. Manuel Lagares Pérez
Concelleiro*



*D. José Ramón García
Vázquez. Concelleiro*



*D.ª María Barral Varela
Concelleira*



*D. Francisco M. Díaz Pereira
Concelleiro*



*Dª María Beatriz Gómez
Iglesias. Concelleira*



*D. Antonio Lagares Pérez
Concelleiro*



*D. Javier de la Fuente Lago
Concelleiro*



*Dª Mª de la Esperanza
Sánchez Varela. Concelleira*



*D. Pedro José Gómez Patiño
Concelleiro*



*D. Andrés Otero Botana
Concelleiro*



*D. Xabier López López
Concelleiro*

17 de xuño de 2007

A alcaldesa, D.^a María Dolores Faraldo, representou á nosa cidade na Ofrenda do Antigo Reino Galicia que con motivo do Corpus se celebra en Lugo.

18-30 de xuño de 2007

Puido contemplarse na Sala de exposicións do edificio Liceo unha mostra de pintura de Pilar García.

26 de xuño de 2007

Comezáronse a retransmitir en directo por Radio Betanzos os plenos do Concello.

28 de xuño de 2007

Na igrexa de San Francisco tivo lugar un concerto do Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia, dentro dos actos conmemorativos do quince aniversario do nacemento da Orquestra Sinfónica de Galicia.

29 de xuño de 2007

O xuíz betanceiro, D. Antonio Fraga Mandián, foi reelixido por terceira vez consecutiva Xuíz Decano do Partido Xudicial da Coruña.

29 de xuño de 2007

Tiveron lugar os actos de clausura da campaña de verán da Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos, polo que se sorteu unha moto e puido contemplarse na Praza García Irmáns o espectáculo *Engado*, encadrado dentro do Xacobeo 2007, coa actuación do grupo de baile tradicional galego Nova Galega de Danza.

29 de xuño de 2007

Na Sala de conferencias do edificio Liceo presentouse o libro finalista do Premio Torrente Ballester, titulado *Trinta e dous dentes*, do escritor e concelleiro betanceiro, Xabier López. O acto de presentación correu por conta da escritora Rosa Aneiros. O acto foi organizado pola editorial Galaxia e a Asociación Cultural Eira Vella.

Xullo-Agosto de 2007

Desenvolveuse ao longo destes meses o programa de actividades de verán

5 de xullo de 2007

Como antesala da Feira Franca Medieval, un grupo de nenos de entre cinco e dez anos, ataviados con roupas de época, participaron nunha visita guiada á cidade e ao Museo das Mariñas. Na visita os nenos estiveron acompañados pola alcaldesa, D.^a María Dolores Faraldo e polo director do Museo, D. Alfredo Erias.

6-8 de xullo de 2007

Celebrouse a X edición da Feira Franca Medieval, que como vén sendo habitual contou cunha grande participación por parte dos betanceiros e visitantes. As rúas da cidade engalanadas para a ocasión con teas e estandartes foron un marco incomparable do animado programa de actividades, entre as



Castelheiro (La Opinión)





Teresa Garea

que destacaron as danzas, a carreira de bocois, a queima da bruxa, o tributo das cen doncelas, a expulsión dos leprosos, os torneos medievais e numerosas actuacións musicais, teatrais etc. A feira deu comezo coa inauguración da alcaldesa, D.^a Dolores Faraldo e a lectura do pregón por conta do escritor, historiador e profesor do Instituto Francisco Aguiar, D. Luís Gorrochategui Santos.

PREGÓN DA X FEIRA FRANCA MEDIEVAL

Hoy, a 6 de julio del año del Señor de 1467, cumpliré el encargo de satisfacer a vuestras mercedes leyendo este pliego que anuncia la Gran Feria de Betanzos, y si no está mejor aderezado, no busquéis más culpables sino la ruindad de mis sesos, y esta turbación que me estorba ante el trance de platicar ante vuestras mercedes, a las que tanto amor profeso, amen de hacerlo desde aquesta plaza, principio y fin de Betanzos. Aquesta plaza engalanada y dispuesta para agasajar a aquellos que os precedieron, aquellos que os brindaron la ocasión de florecer.

Porque si es propio de gente bien nacida el honrar a sus padres, lo es aún más el respetar a los abuelos, y a los padres de estos. Y en la traza ascendente, en la cadena irrompible de amor incondicional, por el que una generación da la vida a la siguiente, vuestras mercedes habéis sabido, como nadie, venerar la memoria de vuestros más antiguos abuelos, que es para eso que os halláis



Erias



aquí reunidos. Para recordar a aquellos que bajaron desde Tiobre para fundar aquí, con su esfuerzo y con su amor, día a día, beso a beso, piedra a piedra, la más bella de las ciudades ártabras. Ciudad que brotó aquí mismo, en lo alto del promontorio que flanquean, presumidos y gloriosos, el Mendo y el Mandeo. Si, justo aquí, sobre el castro celta de Untia, que ahora mismo reposa feliz bajo el empedrado que pisáis. Porque venerando a los antiguos abuelos, honráis a vuestras mercedes con el más noble de los sentimientos: el agradecimiento.

Y si hablo de los antiguos abuelos, no lo hago en términos metafóricos, sino muy reales. Pensadlo bien. Todos tenemos, o tuvimos, cuatro abuelos, pero son ya ocho los bisabuelos, y los tatarabuelos, 16. Y así podríamos continuar. Y sólo remontándonos 21 generaciones, y hoy os habéis remontado más, contamos 2.097.152 abuelos antiguos para cada una de vuestras mercedes. Ha habido innumerables cruces genealógicas, si, y no son tantos, pero os aseguro que aquí están presentes los verdaderos abuelos de cada uno. Testifico que vuestro sublime agradecimiento, une bajo el mismo lazo, vuestro amor a Betanzos y aquel que cada una de vuestras mercedes siente por su familia.

¡Que me queda por decir ante tanta nobleza! ¿Qué me queda por anunciar ante Betanzos? Nada. Ya nada. Sólo dejar que transcurra mi vida lo más cerca que pueda de vuestras mercedes y, humildemente, entregaros lo mejor de mi mismo, enseñaros aquello que estudié en otro tiempo, -no tan lejano- justo para vosotros.

Porque yo vengo de una aldea que está donde el Golfo Ártabro, que aquí empieza, se convierte en océano, vengo de aquel lugar donde se levantó una enorme Torre, que anunciaba al navegante el fin de sus desvelos, y la cercanía de vuestra presencia, de vuestro comercio, y de vuestro puerto. Hace ya un siglo, pues hablo ahora del XIV, que pleiteasteis vigorosamente, obligando al propio rey Alfonso XI, a personarse aquí mismo, pues aquella aldea pretendía usurparos el comercio de vinos, cereales y maderas. Pero os digo, y no lo olvidéis, que aquella Torre es vuestra. Es el faro de Betanzos, y de todos los ártabros, porque un faro, por su propia naturaleza, no puede construirse tierra adentro, pero si puede anunciar, como es el caso, vuestro resguardado puerto. Y estoy seguro de que, si algún día, quizás dentro de siglo y medio, vienen sanguinarios invasores trayendo a mi aldea la muerte, seréis los primeros en acudir a mar abierto, a defender vuestro faro, y a defender vuestro golfo. Y os dará igual que Betanzos este tranquila y resguardada por su situación, sus

sólidas murallas, y por el foso natural que forman el Mendo y el Mandeo. Os dará igual porque, a leguas se sabe, sois unos infalibles caballeros. Si, de esa estirpe rara y valiosa de caballeros que se ve en las grandes ocasiones.

Y me he preguntado mil veces ¿Qué hay aquí que os hace tan especiales? ¿Acaso vuestro favorecido microclima templado también el carácter? Será porque vivís en un paraíso de flores y frutas, como, anunciará algún día Jerónimo del hoyo. ¿Es por la textura única de vuestro vino suave, delicioso, ligeramente carbónico, ya renombrado siglos atrás? ¿Acaso por las inimitables y divinas, imprescindibles, indescriptibles tortillas que, cuando al fin lleguen las patatas, sabréis hacer? ¿Será la fuerza mágica del agua dulce que, cerrándose sobre si misma, fluye siempre a vuestro alrededor? ¿O quizás es que habite aquí el dios Brigo, el fundador de la estirpe ártabra, que sólo quiere a su lado gente magnífica? No lo sé, lo ignoro, pero a veces no hay que contestar todas las preguntas, es mejor dejarse ir, y disfrutar de vuestra presencia.

En fin, aprovechando que contamos hoy con la presencia de Fernán Pérez de Andrade, al que, vaticino, acabarán llamándole o bo, me gustaría ensalzar su sólido compromiso con las necesidades de este país ártabra, pues ya ha erigido 7 memorables puentes, en menos tiempo de lo que se tardará, dentro de 500 años, en horadar un túnel para el AVE. Aunque le anuncio que su pasión totémica por los jabalíes, identificativos de su estirpe, no conseguirá sino que uno de esos puentes, el que franquea el río Lambre, acabe llamándose Ponte do Porco. Pero le aseguro, señor Conde, que no va por vuestra merced.

Y no acabo sin hablar de mi condición de maese de Filosofía en la Escuela de Gramática Francisco Aguiar, porque es este un fuero que tengo en mi más alta estima, y no me canso de presumir de él allí donde voy. Se me corta la voz por la emoción, porque, mientras vuestras mercedes aprenden, a los maestros nos muerde el corazón, curso tras curso, la calidad humana, y de paso académica, de nuestros discípulos. Y no podemos reprimir un escalofrío de orgullo, cuando los maestros recién llegados de otros lugares, uno tras otro, se maravillan ante vosotros. Así, año tras año, lustro tras lustro, siglo tras siglo, hacéis y haréis felices a aquellos que tienen el honor de ser o haber sido vuestros maestros.

Y no olvidéis, y ahora si termino, la inscripción que preside la hermosa puerta bajo la cual acabáis de pasar. Porque esta ciudad es de las del Rey, y está libre del yugo feudal, del vasallaje, y de la sumisión. Esta formada, si, por hombres y mujeres libres, orgullosos de si mismos, que tienen a bien festejar con esta grandiosidad su glorioso pasado, mientras esperan, placidos y joviales, sabedores de quien realmente son, y de cual será su papel, aquel día que la Gran Historia, los vuelva a reclamar.

Y así acaba este pregón, así comienza la Gran Feria: Guarde Dios Nuestro Señor a vuestras mercedes y de larga vida a la Ciudad de los Caballeros.

Luis Gorrochategui Santos



Erias



Erias

Xullo-Agosto de 2007

Ao longo destes meses desenvolveuse o programa *Cine de Verán en familia e Noites de Cine*, organizado polo Concello. Celebrouse, así mesmo, o programa de *Cine na Rúa*, organizado pola Deputación e o Concello.

9 de xullo a 9 de agosto de 2007

Ao longo destes días levouse a cabo o taller de narración oral e expresión teatral *A arte de contar* organizado polo Concello.

10 de xullo de 2007

Despois dos cambios de sinalización, o aparcadoiro subterráneo da praza dos Irmáns García Naveira cambiou hoxe os seus accesos. A entrada pasou a ser pola rúa Emilio Romay e a saída polo Cantón.

13 de xullo de 2007

A alcaldesa, D.^a María Dolores Faraldo, reuniuse en Santiago co vicepresidente da Xunta de Galicia, D. Anxo Quintana, para tratar diversos asuntos como a Galescola ou a posible creación dun Centro de Día.

13 de xullo de 2007

O artista italiano Arístide Stornelli resultou gañador da segunda edición do Premio Internacional de Arte Gráfico Jesús Núñez. O fallo do xurado deuño a coñecer o presidente da Comisión de Cultura da Deputación Provincial, D. Celestino Poza, que estivo acompañado entre outras persoas, polo propio D. Jesús Núñez.

13 de xullo de 2007

Dentro do *Festival Vía Stellae 2007, II Festival de Música de Compostela* e os seus Camiños organizado pola Consellería de Innovación e Industria, o Xacobeo e o Concello, celebrouse un concerto na igrexa de San Francisco de Isabel Moar, soprano e Manuel Vilas, arpa de dúas ordes, titulado *O Manuscrito Guerra*.

14 de xullo de 2007

Comezou a funcionar o programa *Noitebús*, organizado pola Xunta de Galicia, grazas ao que os Concellos de Sada, Culleredo, Cambre, Coruña e Betanzos contarán con dúas liñas de autobuses nocturnos nas madrugadas dos sábados. Esta medida intenta facilitar á mocidade o emprego do transporte colectivo para desprazarse ás zonas de ocio.

16 de xullo de 2007

O delegado da Organización Nacional de Cegos Españoles (ONCE), D. Eugenio Ferradás, entregoulle á alcaldesa, D.^a María Dolores Faraldo, unha placa que reproduce o deseño do cupón que esta organización dedicou a Betanzos.

18 de xullo de 2007

Na Deputación Provincial da Coruña tomou posesión como deputado provincial D. Antonio Salvador Lagares Pérez. Foi elixido para os cargos de voceiro do Grupo Provincial Socialista e presidente da Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas. Ademais, forma parte do Consello de Administración de Xestur e de Afigal. Tamén é membro da Asamblea xeral de Caixanova e vocal da «Comisión de Hacienda y Financiación Local» da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).

Xullo de 2007

Dentro dunha campaña de promoción turística e de promoción da denominación Viño da Terra de Betanzos, o Concello adoptou a medida de servir este viño en todos os seus actos oficiais.

20 de xullo de 2007

Dentro do *Festival Vía Stellae 2007, II Festival de Música de Compostela* e os seus Camiños organizado pola Consellería de Innovación e Industria, o Xacobeo e o Concello, tivo lugar a actuación



titulada *Se moiro-me d'amor: Cantigas de Amigo dos séculos XIII e XIV*, interpretado por Paulina Ceremuzynska, canto; Sofia Dowgiallo, arpa; Fernando Reyes, cítola e laúde medieval e Carlos Castro, percusión.

21 de xullo de 2007

Na praza Irmáns García Naveira, tivo lugar o *Festival Folclórico Día de Galicia*, organizado pola Escola Municipal de Folclore do Concello.

25 de xullo de 2007

Na Praza da Constitución tivo lugar un concerto da vocalista de fados Susana Germade, dentro do ciclo *Un verán de músicas*, organizado polo Concello.

28 de xullo de 2007

Presentouse no edificio Liceo o programa de festas patronais San Roque 2007. A alcaldesa, D.^a María Dolores Faraldo, estivo acompañada polo autor do cartel anunciador, o debuxante José Tomás e polos concelleiros de Infraestrutura, Festexos, Deporte e Xuventude, D. Andrés Porcas, e de Economía, Facenda, Comercio e Turismo, D. Pablo Tomé.



J. Varela

4 de agosto de 2007

O ministro de cultura, D. César Antonio Molina, visitou a nivel persoal a nosa cidade, onde visitou entre outros o Centro Internacional de Estampa Contemporánea (CIEC).



D.B. (Ideal Callego)

4 de agosto de 2007

Dentro do ciclo *Un verán de músicas*, organizado polo Concello, tivo lugar un concerto de música disco, rumba, pop... polo grupo *Los fabulosos cubatas fochink brothers*.

6-10 de agosto de 2007

No lavadouro das Cascas, e organizado pola sala de exposicións Artra, desenvolveuse nestes días un taller de papel.

7 de agosto de 2007

Recuperamos a tradición foi o lema escollido pola empresa Gadisa e o Concello para intentar recuperar a tradición nas xiras fluviais dos Caneiros. A campaña foi presentada no edificio Liceo polo director de márketing do Grupo Gadisa, D. Antonio Cortés, e o concelleiro de Turismo, D. Pablo Tomé.

10 de agosto de 2007

Incluída dentro das medidas de promoción turística, a partir deste día as igrexas da cidade abriron mañá e tarde ao longo dos meses de verán, grazas a un acordo entre o Arcebispado e o Concello, polo que este último se comprometeu a dotar ás igrexas de servizo de vixiancia.

Agosto de 2007

Ao longo deste mes leváronse a cabo labores de limpeza na canle do río Mandeo por persoal do Concello e Protección Civil.

12 de agosto de 2007

No convento de San Francisco celebrouse o tradicional *Concerto Cidade de Betanzos*, no que interviñeron a Agrupación Musical Carlos Seijo, a Coral Polifónica de Betanzos e a Banda Municipal de Música.

14 de agosto de 2007

Na Praza da Constitución, a alcaldesa, D.^a María Dolores Faraldo, coroou á raíña das festas, a moza brigantina, Silvia Fidalgo Méndez. Seguidamente desde o balcón da Casa Consistorial, tivo lugar a lectura do pregón, que este ano correu a cargo da presentadora e modelo, Paloma Lago.

Este acto representou o comezo oficial das festas que este ano contaron con novidades como os cantantes Shayla Durcal e David Civera e grupos como A Roda e Xacarandaina.

Pregón das Festas

Señora Alcaldesa, Excelentísima Corporación Municipal de Betanzos, reina de las fiestas, damas de honor, acompañantes, betanceiros y betanceiras.

La verdad es que ha sido una grata sorpresa para mí poder estar entre vosotros en unas fechas tan señaladas. El reconocimiento siempre honra a una y mucho más si este llega por parte de los vecinos, esos vecinos encarnados en vosotros, amigos betanceiros que habeis tenido la delicadeza de escogermos para tan grata labor como es loar el principio de las fiestas patronales de San Roque.

Una tradición que se remonta a siglos pasados y que como era lógico habeis sabido conservar hasta el presente. Mi agradecimiento especial por lo tanto para la alcaldesa María Dolores Faraldo, que recientemente se ha convertido en la primera alcaldesa en la historia de Betanzos. Un importante avance social si pensamos en ese dato en concreto.

Yo particularmente pienso que ese debe de ser el camino que han de seguir ciudades con un amplio legado histórico como Betanzos. Aunar tradición y futuro, cambios sociales y ritos ancestrales, lo mejor del pasado y el presente para conseguir que una ciudad como esta sepa aprovechar lo que le legaron en siglos anteriores sus antepasados para seguir mirando con orgullo al presente.

Como ferrolana el vínculo con Betanzos es evidente, por la cercanía, tan solo unas decenas de kilómetros nos separan... por la historia, pues ferrolanos y betanceiros habitamos en la provincia de Betanzos hasta la redistribución provincial del año 1834, pero sobre todo por los sentimientos... En estos días previos, precisamente acudían a mi mente algunos de los recuerdos que aún conservo de Betanzos.

Alguna que otra vez, viajando desde Ferrol al llegar al Puente Viejo y divisar la puerta medieval del mismo nombre, me paraba a pensar porque Betanzos pese a conservar todavía tres de sus puertas medievales había perdido en su momento gran parte de la muralla que rodeaba esta hermosa ciudad. Preguntándole a algún amigo, este intentaba darme una explicación histórica, más o menos científica. Pero yo solo pude imaginar que eso se debía a que una vez pasado el tiempo y la época en que estas ciudades se rodeaban de murallas para protegerse de los posibles ataques, Betanzos decidió reconvertirse y matizar ese carácter hostil que pueden sugerir murallas fortificadas por el acogedor aspecto de las casas, los hórreos y las galerías que con sus amplios ventanales parecen recibir al visitante con una amplia sonrisa. Y es que para cualquiera que tiene la oportunidad de visitar Betanzos es un auténtico regocijo poder perderse por ese pequeño y encantador laberinto urbano que entrañan sus calles, mirar las denominaciones gremiales de las callejuelas, dejar volar la imaginación hasta tiempos pretéritos, imaginando antiguos mercados, y porque no... una vez vencidos por el cansancio adentrarse en una bodega típica para degustar la peculiaridad de sus vinos.



Arume



Arume



Arume

Precisamente el vino ha dado otra muestra de que esta ciudad puede unir pasado y presente, pues son varios los viticultores que se encaminan a conseguir la ansiada denominación de origen para vuestros vinos, denominación que algún día espero que sea oficial y reconozca el mérito y la originalidad de las vides betanceiras.

El vino también será protagonista en los festejos, en la romería de Os Caneiros, para la que tan solo faltan cuatro días. Desde aquí quisiera animar a que los jóvenes disfruten de ella, pero sin olvidarse del ambiente sano que debe reinar en esta fiesta, tal y como se ha venido disfrutando durante décadas. Tal como os dije, he pensado mucho durante estos días en Betanzos, pero sin duda el recuerdo que más presente ha estado es el de vuestro símbolo, vuestro emblema que junta lo local y lo universal: el globo de Betanzos.

Ese globo en el que todos os veis un poco reflejados cada vez que asciende a los cielos en la mágica noche del 16 de agosto.

Parece un auténtico milagro que un trozo de papel tan enorme impulsado tan sólo por el aire caliente sea capaz de abandonar la plaza García Hermanos para adentrarse en el cielo, en busca de un rumbo arbitrario que los vientos y el destino dictarán.

Yo pienso que eso sería imposible sin las miradas atentas de todas esas gentes que discurren en unir y venir constante por las calles en esa mágica noche. Esas gentes que como flujo sanguíneo, dan vida a esas callejuelas, (pequeñas arterias brigantinas), a la rúa do Castro, (aurícula betanceira), o a la mismísima plaza García Hermanos, convertida en corazón del sentimiento betanceiro en esa noche. Vuestras miradas y vuestras esperanzas puestas en el globo se aleja de nosotros elevándose majestuoso en la noche betanceira, vuestros deseos y anhelos más fuertes se acerquen a vosotros y se conviertan en realidad.

Gracias de nuevo por haberme invitado a compartir estos días con todos vosotros.

Quisiera despedirme pidiendo a San Roque que vele por nosotros a lo largo de estas fiestas.

Betanceiros...

¡Viva Betanzos! ¡Viva San Roque!

Paloma Pérez Lago



Arume

Anuario Brigantino 2007, nº 30



Arume

15 de agosto de 2008

Na praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da raíña infantil das festas, a fermosa rapaciña Alba Otero Bello, que recibiu a coroa de mans da alcaldesa, D.ª María Dolores Faraldo. Seguidamente Marta Lendoiro Fuentes deu lectura ao pregón infantil.

Función do Voto (16 de agosto)

Señor San Roque:

Nos tempos máis difíciles para Betanzos a túa intercesión ante Deus fixo que as nosas dores fosen máis levadeiras, que cesase todo o mal que viñera caer sobre naos, sobre os nosos pais e sobre os nosos fillos. Foron os tempos da peste, en que a enfermidade deixou as nosas familias irreparabilmente rotas, as nosas casas tristes e baleiras ao perder o que máis queríamos, e o futuro de cada un de naos e da cidade tornábase tan desesperanzado que mesmo o desánimo puido chegar a frustrar a vizosa e emprendedora cidade que fora Betanzos antes do mal.

Van case seiscentos anos desde que nun xesto de agradecemento perpetuo os betanceiros fixemos de ti o noso patrón. E ante a túa imaxe, ano a ano, cada dezaseis de agosto vimos renovar o Voto de agradecemento polo teu benévolo e xeneroso socorro. Logo, grazas Señor San Roque, por ternos curado o corpo e sandado a alma. ti que deixaches a vida cómoda e próspera de Montpellier para facerte peregrino e botar man dos máis necesitados, dos máis abandonados, dos máis desesperados. Señor, é a primeira vez que me axeonllo ante ti coa responsabilidade de representar a todos os cidadáns de Betanzos, déixame que o primeiro que faga sexa pedir que ilumines o meu facer, e que non me aparte do xusto, que non esqueza nunca que a dignidade do ser humano é o seu máximo valor, que a liberdade individual é a calidade sen a que ningún goberno pode ser xusto nin digno.

Pídoche, Señor, que nos ilumines o camiño, sabemos que a plenitude da nosa vida non depende soamente de que a nosa cidade progrese, mellore na calidade de vida, teña leis xustas, gobernantes honrados e veciños laboriosos. Sabemos que para conseguir o mellor para cada un de naos temos que estender os valores da liberdade, da dignidade e da xustiza a todos os lugares dun mundo, que a cada paso é máis pequeno. Un mundo onde as decisións de países libres nos fan libres a todos, pero tamén un mundo onde as decisións de países dirixidos por tiranías fannos tamén máis escravos a todos.

Sei de moita mocidade betanceira que herdou ese ánimo, tan noso, de loitar contra as dificultades, de facerlles fronte aos obstáculos, de resistir contra a inxustiza. Unha mocidade que quere saír adiante, estar máis preparada e que quere vivir en paz. Señor San Roque, premia estes mozos e axúdaos a non fraquear no duro exercicio de vivir, e axúdanos a naos a tomar as decisións máis axeitadas para que a nosa cidade non perda o pulo que achega a xente máis nova.



Señor San Roque, pídoche tamén polos nosos maiores, homes e mulleres que teñen nos seus corazóns as lembranzas de tempos de ledicia pero tamén as mágoas coas que nos vai ferindo a vida. Déixalles anos de sosego, de tranquilidade, anos para que poidan transmitirnos as súas vivencias para que poidamos ver e distinguir o que é verdadeiramente importante do que non o é tanto. Fai tamén, Señor, que naos saibamos escoitalos e ter a intelixencia de aprender da súa experiencia.

Hai betanceiros que un día marcharon de xunto os seus para non volver, uns marcharon na busca dun mellor porvir, outros marcharon ao exilio. Señor San Roque, que nunca esquezamos a esas persoas, que os seus fillos, netos teñan sempre a Betanzos como a súa terra nai, e que as circunstancias que levaron a esta dolorosa separación non voltan ter sitio entre naos. Axúdanos a que todos os betanceiros espallados polo mundo estreiten cada vez máis o seu afecto e os seus proxectos como bos fillos dunha boa terra.

Teño, Señor San Roque, que falar das mulleres, non das mulleres que coma min vivimos un tempo nos que puidemos ir participando do mundo académico, profesional e social e hoxe que sexa unha humilde betanceira a encargada destes rogos que eu che fago, senón de todas as mulleres que hoxe en día sofren abusos e malos tratos, e por aquelas que viven en países con culturas que non permiten o desenvolvemento de sistemas político-xurídicos capaces de recoñecer os seus dereitos polo feito de nacer muller.

Señor San Roque, hoxe é o día que temos para celebrar a túa protección e un día en que en centos de parroquias de Galicia e do resto de España os teus devotos che achegan as súas ofrendas, ben mereces este día grande, este día de ilusión, este día de festa nas rúas e nos corazóns. Creo que tamén os betanceiros merecemos estas festas que facemos con todo cariño para sentar cos nosos á mesa, para saudar os que hai tempo que non vemos, para recordar os que xa non están con nós.

Grazas, Señor San Roque, por ter intercedido ante naos nas horas máis duras, Grazas Señor San Roque, por estar con naos nestes tempos en que o entendemento, a intelixencia, a xenerosidade, a capacidade para superar as diferenzas son tan importantes para sacar adiante o noso primeiro obxectivo común que é esta comunidade de seres humanos que se chama Betanzos. Deus o queira.

*María Dolores Faraldo Botana
Alcaldesa de Betanzos*

16 de agosto de 2007

O globo de Betanzos, que realiza a familia Pita desde o século XIX, subiu ao ceo brigantino diante de numeroso público concentrado na Praza do Campo. O xigante de papel foi parar esta vez á parroquia de Papucín, no Concello de Frades.

18 e 25 de agosto de 2007

Como é tradicional foron moitas as persoas que subiron río arriba polo Mandeo ata chegar ao campo dos Caneiros, onde como é habitual se desbordou a alegría. Houbo gran cantidade de lanchas engalanadas que lle deron vistosidade á festa, que contou tamén cun grande dispositivo de seguridade.

25 de agosto de 2007

Visitou a nosa cidade o presidente do Partido Popular, D. Mariano Rajoy, que estivo acompañado pola Alcaldesa, D^a M^a Dolores Faraldo Botana e por outras persoas e autoridades.

26 de agosto de 2007

O betanceiro D. Santiago de la Fuente García celebrou o cincuenta aniversario do seu ingreso na Compañía de Xesús



Veiga



César



Erias

cunha misa de acción de grazas na igrexa de Santiago. Autor de varias publicacións, dende o ano 1963 reside en Santo Domingo na República Dominicana, onde exerce a docencia na Universidade Pontificia.

28-30 de agosto de 2007

Na Praza do Campo celebrouse o programa itinerante *Ruando*, unha iniciativa da Consellería de Deporte que contou co patrocinio de Caixanova e a colaboración de Gadisa, para fomentar entre os nenos hábitos deportivos e alimentarios saudables. Con este fin instalouse unha carpa na que se

puideron realizar multitude de actividades lúdicas e deportivas. A presentación do evento tivo lugar no edificio Liceo coa presenza do xefe comarcal de Caixanova, D. Manuel Doldán, o director de Comunicación de Gadisa, D. José Luis Fernández, o concelleiro de Deportes, D. Andrés Porcas, e a alcaldesa, D.^a María Dolores Faraldo.



(La Opinión)



Pariente

30 de agosto de 2007

A presidenta do Centro Betanzos en Bos Aires, D.^a Beatriz Lagoa Veiga, e a alcaldesa, D.^a María Dolores Faraldo, asinaron no edificio Liceo un convenio de colaboración entre as dúas institucións para o programa de asistencia de medicamentos aos betanceiros residentes en Arxentina, que mellora o convenio anterior. No acto estiveron presentes o vicepresidente do Centro Betanzos, D. José Faraldo, a concelleira de Emigración, D.^a María Jesús Teijo, e o concelleiro de Economía, Facenda, Comercio e Turismo, D. Pablo Tomé.

1-29 de setembro de 2007

Na sala de exposicións Artra, na rúa do Castro, puido contemplarse a mostra de gravado e edición recente do poeta de Vilafranca do Bierzo, Juan Carlos Mestre.>>>

3-12 de setembro de 2007

Ao longo destes días puido contemplarse no edificio Liceo a mostra *As profundidades do cosmos* organizada pola Deputación da Coruña.

7 de setembro de 2007

Os campións de motociclismo, Álvaro Bautista, Sergio Gadea e Héctor Faubel visitaron Betanzos para inaugurar un novo establecemento de electrodomésticos e telefonía na Avenida Jesús García Naveira.

7 de setembro de 2007

Un grupo de nenos da cidade realizou unha visita, organizada polo Concello, á exposición *O señor dos aneis* na sede da Fundación Caixa Galicia da Coruña.

7 de setembro de 2007

O betanceiro e deputado do Parlamento Europeo, D. Antolín Sánchez Presedo, inaugurou na Coruña un ciclo de conferencias do Instituto de Estudos Políticos e Sociais sobre o futuro da Unión Europea, co título *As rexións e a reforma institucional: perspectiva dende Galicia*.>>>



Erias



Erias

8 de setembro de 2007

Celebrouse a tradicional romaría dos Remedios no barrio da Ponte Vella, que congregou, como vén sendo habitual, a numerosas persoas da comarca.

12 de setembro de 2007

A concelleira de Educación e Servizos Sociais, D.^a María Jesús Teijo, recibiu no edificio Liceo aos premiados no concurso de fotografía *E ti como o ves?* en que resultou gañadora a moza Aldara Prado.>>>

20 de setembro de 2007

No Centro de Maiores de Caixa Galicia e organizado pola Obra Social celebrouse un taller de estimulación da memoria para os maiores *La memoria de Galicia: un estímulo para el recuerdo*.

21 de setembro de 2007

No edificio Liceo presentouse o libro *Retallos da memoria* do que son autores Enrique Barrera Beitía e Brunio González Matriz, editado pola Asociación de Memoria Histórica.

27 de setembro de 2007

A alcaldesa de Betanzos, D.^a María Dolores Faraldo, foi elixida vicepresidenta do Consorcio das Mariñas.

27 de setembro de 2007

Na Sala de conferencias do edificio Liceo presentouse o n.º 29 do Anuario Brigantino. O acto estivo presidido pola alcaldesa, D.^a María Dolores Faraldo, a quen acompañaban D. Antonio Lagares, en representación da Deputación Provincial, e o director da publicación, D. Alfredo Erias. A presentación correu por conta do presidente da Asociación Cultural de Estudos Históricos de Galicia e decano do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia, D. José Luis López Sangil.



César



Betanzos e a súa Comarca



Veiga



César

29 de setembro de 2007

Celebrouse na Eira Vella a Festa do Viño Mosto organizada pola Comisión de Festas da Asociación de Veciños que contou coa colaboración das asociacións xuvenís de Betanzos e cos colleiteiros que puxeron as uvas para facer o mosto.

1 de outubro de 2007

Os pais e nais do alumnado do colexio Vales Villamarín curtaron o tráfico para pedir máis profesorado para o centro escolar. Participaron na protesta varios concelleiros entre os que estaba a concelleira de Educación, D.^a María Jesús Teijo.

Outubro de 2007

Ao longo deste mes celebrouse no edificio Liceo o *Ciclo de Cine Clásico* organizado pola Fundación Caixa



(Betanzos e a súa Comarca)

Galicia. Puideron verse: *Humberto D* de Vittorio de Sica, *Os Sete Samurais* de Akira Kurosawa, *Fresas salvajes*, de Ingmar Bergman, e *Belle de Jour* de Luis Buñuel.

1-14 de outubro de 2007

Desensenvolveuse no edificio Liceo e nas rúas da cidade o Festival Internacional de Títeres *Galicreques 2007*, con exposicións, talleres e actuacións dos seguintes grupos: Chachakün e Los Bufones de Arxentina, Marionetas, Actores & Objectos de Portugal, Cengiz Özek Shadow Theatre de Turquía, La Compagnie du Petit Monde de Francia, Bulubús de Galicia, País Vasco, Cataluña, México e Italia, Plansjet de Bélxica, Hilando Títeres de Madrid, Víctor Antonov de Rusia e Sri Anura Puppet Society de India. O certame organizado polo Concello, contou coa colaboración da Asociación Barriga Verde, Xunta de Galicia e Igaem.

5 de outubro de 2007

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar un concerto por conta do grupo Choro Positivo de Brasil, dentro do *XVIII Festival Internacional de Música de Pulso y Púa, Cidade de Cristal* organizado pola Agrupación Musical Albeniz, coa colaboración da Concellería de Cultura.



César



César



Erias

6-7 de outubro de 2007

Celebrouse a I Festa da Tortilla organizada polo Concello, que contou coa participación de restaurantes da cidade. Foi numerosa a afluencia de público que deu conta de máis de tres mil tortillas, acompañadas de pementos e regadas con viño da terra de Betanzos. A festa contou ademais cunha exposición de coches antigos e con actuacións musicais. Foi presentada no salón multiusos do edificio Liceo pola Alcaldesa, D^a María Faraldo Botana e por D. José Luis Fernández, representante de Gadis. E a presentación dos actos correu a cargo do periodista coruñés, D. Pablo Portabales. O primeiro foi o pregón, a cargo do cociñeiro D. Pablo Gallego. Por último, o xurado deu o premio para a mellor tortilla ó Restaurante Palacete San Roque a quen lle correspondeu tamén o premio ao mellor cociñeiro: Alex Pirex.

17- 31 de outubro de 2007

Na Sala de mostras do Liceo contemplouse a exposición ECOLATAS da Obra Social de Caixa Galicia.

Outubro de 2007

Comezaron os diferentes cursos e actividades programados polo Concello, en total 36 ofertadas, en que participaron máis de setecentos betanceiros.

Outubro de 2007

Baixo o título *MULLER PORQUE SI* comezou un curso formativo de albanelería dedicado única e exclusivamente a mulleres, co obxectivo de fomentar a súa inserción laboral nun ámbito de traballo acaparado tradicionalmente por homes. O curso foi organizado polo Concello e a Xunta de Galicia.

28 de outubro de 2007

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra *Medidas preventivas* interpretada pola compañía Áncora Producións e organizada pola Concellería de Cultura dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios do IGAEM.

1 de novembro de 2007

Celebrouse a tradicional feira de Santos, á que asistiu numeroso público e na que, tal e como é tradicional, mercouse unha grande cantidade de castañas e flores.

Novembro de 2007

A Concellería de Servizos Sociais puxo en marcha un programa de lectura para os centros sociais distribuíndo lotes de libros.

6-7 de novembro de 2007

Desenvolveuse o programa *Igualdade dende as táboas*, organizado polo Concello, coa representación da obra *Tía que forte* nos centros educativos da cidade.

11 de novembro de 2007

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra *Comida Chinesa*, interpretada pola compañía Teatro do Adro e organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios do IGAEM.

Novembro-Decembro de 2007

Desenvolveuse ao longo destes dous meses o proxecto Cinemas Dixitais, organizado polo Concello de Betanzos e a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, coa proxección no edificio Liceo das películas *A Atlántida* de Belén Macías, *Secuestrados en Xeorxia* de Gustavo Balza e *Sara* de Silvia Quer.

Novembro de 2007

O Concello subscribiu un convenio coa Xunta de Galicia e o Ministerio de Vivenda polo que se concederon axudas para a rehabilitación de 20 vivendas do casco histórico e zonas de protección como os Remedios, a Ribeira e a Magdalena. Sumouse aos anteriores convenios que ascenden a un total de 84 vivendas acollidas a estas axudas.

10 de novembro de 2007

Faleceu neste día en Madrid D.^a Águeda González García, neta de D. Juan García Naveira e filla menor de D.^a Águeda García e de don Eduardo González García. O noso pesar e agarimo para toda a Familia. >>>



César





Fersal



Veiga



17-21 de novembro de 2007

Ao longo destes días desenvolveuse o programa C2. *Convivir. Convivencias* organizado pola Cámara do Parlamento Autonómico, que elixiu a nosa cidade como punto de partida desta campaña en Galicia.



Fersal



A praza Irmáns García Naveira acolleu unha exposición interactiva de imaxes e textos e paneis en branco nos que os viandantes plasmaron as súas opinións e ideas sobre a convivencia. Os actos culminaron na última das xornadas, coa visita da presidenta do Parlamento, D.^a Dolores Villarino, e os membros da Mesa do Parlamento, que foron recibidos pola alcaldesa, D.^a María Dolores Faraldo, e os portavoces dos grupos representados na Corporación Municipal. Visitaron a praza Irmáns García Naveira, o Concello, o CIEC e o Museo das Mariñas. Como colofón, celebrouse na Aula de Cultura unha actuación dos músicos Xosé Lois Romero, Germán Díaz e Miguel Castro, e os bailaríns Alexis Fernández e Serxio Cobos.

27 de novembro de 2007

No pleno deste día presentou a súa dimisión como concelleiro do Partido Socialista de Galicia-PSOE, D. Manuel Lagares Pérez. Foi concelleiro desde o 23 de maio de 1983 e alcalde de Betanzos desde o 30 de novembro de 1985 ata o 16 de xuño de 2007.

Novembro de 2007

Coordenado polo eurodeputado betanceiro don Antolín Sánchez Presedo e editado pola Delegación Española do Grupo Socialista no Parlamento Europeo, presentouse no dito Parlamento o libro *Por una Europa Social y Ciudadana*. Esta edición coincide co ano de celebración do 50 aniversario da Unión Europea. O libro foi prologado polo presidente do Goberno, don José Luis Rodríguez Zapatero.

1 de decembro de 2007

A partir deste día e ata o mes de xaneiro desenvolveuse o programa de festexos do Nadal organizado polo Concello, que contou coa colaboración de diferentes asociacións e colectivos da cidade. O programa editado foi ilustrado cun debuxo de Isabel Gago Noval do Colexio Nosa Señora do Sagrado Corazón, que resultou gañadora do concurso de carteis de Nadal organizado polo Concello.

1 de decembro de 2007

Celebrouse no edificio Liceo a IV edición do *Campionato Galego de Dominó*. O evento foi presentado polo presidente da Federación Galega de Dominó, D. Federico Pérez e a alcaldesa, D.^a María Dolores Faraldo.

Decembro de 2007

Remataron neste mes as obras de acondicionamento do campo de fútbol do Carregal financiadas pola Deputación Provincial coas que se substituíu o tradicional campo de terra por un de herba artificial.

1-31 de decembro de 2007

Na Sala de Exposicións Artra puido contemplarse a obra gráfica colectiva de 13 autores contemporáneos, baixo o título de *Aforismos de Lichtenberg*.

2 de decembro de 2007

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra *Arte* interpretada pola compañía Fulano, Mengano e Citano, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios do IGAEM.

3 de decembro de 2007

Presentouse no edificio Liceo a exposición titulada *Mujeres de vida alegre?* con motivo do Día Mundial contra a Sida. Esta mostra foi organizada pola Asociación Médicos del Mundo dentro do Programa de Atención a Mulleres Prostituídas a través do Plan Coordinador de Servizos Sociais do Consorcio As Mariñas. O acto de presentación contou coa presenza do xefe do Servizo de Planificación e Formación da Secretaría Xeral de Emigración, D. Juan Ribot. A representante en Galicia da ONG Médicos del Mundo, D.^a Nieves Turienzo, o presidente do Consorcio das Mariñas e alcalde de Bergondo, D. José Fernández, e a vicepresidenta do Consorcio e alcaldesa de Betanzos, D.^a María Dolores Faraldo.

7 de decembro de 2007

Na Igrexa de San Francisco tivo lugar un concerto da Orquestra de Cámara da Sinfónica de Galicia, baixo a dirección de Máximo Spadano, coa actuación da soprano María José Moreno.

13 de decembro de 2007

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a presentación do libro *O neno que tiña medo dos robots/o robot que tiña medo dos nenos*, do que son autores Miguel Vázquez Freire e o ilustrador betanceiro José Tomás. >>>

13-19 de decembro de 2007

Puido contemplarse no edificio Liceo a *Exposición 120 anos de ciclismo galego, 1887-2007*.



16 de decembro de 2007

Dentro dos actos de Nadal inaugurouse no edificio Liceo o belén móbil que organiza a Asociación de Amigos do Belén dirixidos por D. Manuel López Castro, e que contén moitos elementos alusivos a Betanzos como as danzas de xastres e mariñeiros ou a ascensión do globo de Betanzos.

18 de decembro de 2007

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar o espectáculo do II Circuíto Galego de Maxia, en sesión dedicada a escolares, organizado pola Asociación de Magos Profesionais de Galicia e o Concello de Betanzos, baixo o patrocinio da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia.

19 de decembro de 2007

No Centro de Maiores de Caixa Galicia en Betanzos tivo lugar a representación teatral da adaptación da obra *El enfermo imaginario* por conta do Grupo de Teatro do Centro de Maiores de Caixa Galicia de Pontevedra.

21 de decembro de 2007

Inauguráronse as novas instalacións do parque infantil do Pasatempo, consistentes na renovación do peche perimetral, a instalación de aseos, a renovación de mobiliario e inclusión dunha zona para a terceira idade.

21 de decembro de 2007

Na Sala de exposicións do edificio Liceo puido contemplarse unha mostra de pintura do paisaxista Juan Rodríguez Soto.

21-22 de decembro de 2007

A alcaldesa de Betanzos, D.^a María Dolores Faraldo presentou no edificio Liceo o *Festival de Cine Documental das Mariñas*, nun acto que contou coa presenza do director xeral de Comunicación Audiovisual, D. Manuel Fernández Iglesias, e a concelleira de Educación, D.^a María Jesús Teijo.

22 de decembro de 2007

No edificio Liceo a alcaldesa, D.^a María Dolores Faraldo, presentou o *Festival de Cine* aos alcaldes da comarca das Mariñas. No acto estivo acompañada polo director do certame o cineasta brigantino, D. Xosé Carlos Soler e polo técnico da oficina de xuventude, D. Xosé Luis Sobrino.

22 de decembro de 2007

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a representación teatral da adaptación da obra *A lenda de Xan Bonome* por conta do Grupo de Teatro do Centro de Maiores de Betanzos de Caixa Galicia.



César



(Betanzos e a súa Comarca)



Pariente

22 de decembro de 2007

No polideportivo municipal tivo lugar a *XV Copa Cidade de Betanzos de Karate*, organizada polo Club Shin Gi Tai Karate-Do Betanzos coa colaboración do Concello de Betanzos.

22 de decembro de 2007

Encadrado dentro dos actos de Nadal organizados polo Concello tivo lugar na igrexa de San Francisco un concerto do Coro de Voces Brancas da Orquestra Sinfónica de Galicia.

23 de decembro de 2007

Na Aula de Cultura tivo lugar a representación da obra de teatro *Do, re, mi, Mozart xoga aquí* de Jorge Rey, a cargo da Compañía Títeres Cachirulo, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios do IGAEM.

26-28 de decembro de 2007

Dentro das actividades de Nadal organizadas polo Concello celebráronse no edificio Liceo e Centro Cultural de San Francisco obradoiros para os nenos e nenas incentivando a creatividade con manualidades e xogos tradicionais.

29 de decembro de 2007

D.^a Teresa Porto Pedrido, en representación da Fundación Caixa Galicia, e a alcaldesa, D.^a María Dolores Faraldo, asinaron no edificio Liceo un convenio de colaboración para a organización e promoción de actividades culturais.

29 de decembro de 2007

Dentro do programa de festexos de Nadal celebrouse a xornada de convivencia coa Terceira Idade na Residencia de Anciáns García Irmáns coa actuación da Banda Municipal de Música de Betanzos, a Agrupación Musical Carlos Seijo e a Escola Municipal de Folclore.

29 de decembro de 2007


Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar un *Festival Folclórico*, organizado pola Asociación Cultural Santo Domingo, coa actuación da Banda de Gaitas Ferreña de Doroña, a Asociación Cultural Pena Maior de Santiago, a Agrupación Breogán de Moaña, e a Agrupación Cultural As Garelas da propia Asociación Cultural Sto. Domingo de Betanzos.

29 de decembro de 2007

Na igrexa de Santiago, dentro dos actos organizados polo Concello con motivo das festas de Nadal, tivo lugar un concerto do Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia.

30 de decembro de 2007

Celebrouse no edificio Liceo o *Torneo de xadrez do Nadal* organizado polo Club de Xadrez de Betanzos, e encadrado dentro do programa de Nadal organizado polo Concello.



NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

Tema

O Anuario Brigantino é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo criterio do Comité Científico.

Publicación

A presentación e a aceptación de traballos implica a cesión automática de dereitos de publicación por parte do autor, tanto en formato papel como en Internet.

Orixinais

Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traducións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fora da revista.

Formato e soporte

Os orixinais presentaranse a través dunha copia en papel Din-A4 e outra en soporte informático (Word ou procesadores similares). Cando sexa preciso tamén se poderá utilizar o correo electrónico. As direccións respectivas son: Anuario Brigantino, R/ Emilio Romy, 1, 15300 Betanzos, A Coruña, España.

Extensión e ilustracións

Unha vez maquetado co estilo propio do Anuario, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas.

En canto ás ilustracións, o Anuario Brigantino caracterízase por favorecer a súa utilización sen máis atrancos que a coherencia co texto e o sentido común en canto o seu número, aspectos que quedan a criterio do Comité Científico, o mesmo que o emprego de cor ou branco e negro.

Idioma

A redacción poderá entregarse en galego ou castelán, se ben, excepcionalmente e sempre a criterio do Comité Científico, poderá utilizarse outro idioma.

Autor-Autores

Engadirase a dirección completa do autor ou autores, incluídos teléfonos e correo electrónico, así como a institución onde presten os seus servizos, se fora o caso, e o cargo que ocupan. Engadirase, así mesmo, nota biográfica do autor ou autores, que non exceda de 5 liñas maquetadas.

Sumario e Abstract

Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resumen na lingua do traballo e outro (*abstract*) en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas.

Texto

Empregarase a *cursiva* para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.

Utilizaranse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo aparte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar.

As comiñas simples ‘ ... ’ resérvanse para encerrar significados.

As supresións de texto nas citas indícanse mediante tres puntos entre corchetes [...].

As intervencións do autor nas citas tamén se fará entre corchetes.

Citas bibliográficas

Aceptaranse dous sistemas, separados ou mixtos.

A) Na medida do posible farase uso preferentemente do sistema de referencias parentéticas, información que se complementará coa bibliografía do final do texto. Entre paréntese sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do autor ou autores, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espazo e ano de publicación. Se é preciso, despois de dous puntos, irá o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guión). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñerase o número do que corresponda ó da páxina, separados por

coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluírase antes da cifra a abreviatura correspondente. Exemplos: (Míguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureau, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).

Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificalas: (Monteagudo, 2000a)

Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre paréntese ponse só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...

Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máis ponse só o primeiro seguido de *et al.*

B) As tradicionais chamadas ou notas no corpo do texto indicaranse mediante números voados. Neste caso, as citas bibliográficas numeradas a pé de páxina seguirán as normas expostas no apartado de Bibliografía.

Bibliografía

A BIBLIOGRAFÍA sitúase ó remate do traballo, seguindo unha orde alfabética por apelidos e, dentro do mesmo autor, por orde cronolóxica. Teranse en conta as consideracións seguintes: 1) os autores españois e hispanoamericanos ordénanse polo primeiro apelido e cando é idéntico, polo segundo; se este tamén se repite, polo nome. 2) os anglosaxóns, rusos e portugueses, polo 2º apelido, o paterno: KEYNES, John Maynard; PAWLOV, Ivan Petrovich; CAETANO, Marcello Jose Neves Alves...

Se se trata dun **libro**, indícase o nome do autor (APELIDOS, nome completo ou só coa inicial), ano de publicación, *Título do libro en cursiva*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TILANDER, Gunnar, 1961, *Nouveaux mélanges d'étymologie cynégétique*. Lund: Carl Bloms (Cynegetica, 8).

Se se trata da **edición dun texto** indícase o nome do editor(es) (APELIDOS, nome), seguido da expresión (ed(s).), ano de publicación, *Título da obra en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TROMBETTI BUDRIESI, Laura (ed.), 2000, Federico II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*. Bari: Laterza (Collana di Fonti e Studi, 10). E incluírase unha entrada adicional baixo o nome do autor da obra: FEDERICO II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*, ed. Laura Trombetti Budriesi. Bari: Laterza, 2000 (Collana di Fonti e Studi, 10).

Se se trata dunha **aportación nunha obra colectiva**, indícase o nome do autor (APELIDOS, nome), ano de publicación, «título da aportación entrecomiñado», autor(es) da obra colectiva (se é preciso, mención ed., coord., dir., etc.), *Título da obra colectiva en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección), páxinas:

FRADEJAS RUEDA, José Manuel, 2000, «Una traducción al castellano de Pero Menino ¿desconocida?». Andrew M. Beresford y Alan Deyermond (eds.), *Proceedings of the Ninth Colloquium*. Londres: Department of Hispanic Studies - Queen Mary and Westfield College, (Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar, 26), 31-41.

Se se trata dun **artigo nunha revista**, indícase o nome do autor (APELIDOS, nome), ano de publicación, «título do artigo», *título da revista en cursivas*, tomo en cifras arábigas: páxinas:

MORALES MUÑIZ, María Dolores Carmen, 1998, «Los animales en el mundo medieval cristiano-occidental: actitud y mentalidad», *Espacio, Tiempo y Forma, Serie III, Historia Medieval*, 11: 307-29.

Se se citan varios libros, traballos, etc. dun autor, pónase APELIDOS, nome e debaixo, reservando tres espazos á marxe, indícase o ano de publicación da obra, diferenciando coas letras, a, b, c, etc., os traballos publicados por un autor nun mesmo ano:

GARCÍA BELLIDO, A.

(1943a): «Algunos problemas de arte y cronología ibéricos»: *Archivo Español de Arqueología*, XV: 78-108.

Corrección de probas

Correrá a cargo dos autores, que deberán efectualas no prazo máximo dunha semana a partir da recepción. Non se admitirán variacións substanciais no texto.



Cacería do porco bravo nas Mariñas de Betanzos (II) (sepulcro de Fernán Pérez de Andrade na igrexa de S. Francisco). T. mixta/táboa, 118x73 cm. Da serie «Xente no Camiño» de Alfredo Erias.



Cacería do porco bravo nas Mariñas de Betanzos (III) (sepulcro de Fernán Pérez de Andrade na igrexa de S. Francisco). T. mixta/táboa, 118x73 cm. Da serie «Xente no Camiño» de Alfredo Erias.



ESTE ANUARIO BRIGANTINO 2007, Nº 30,
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI EN
BETANZOS O 25 DE
XULLO DE
2008

